



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Secretaría Xeral de Calidade  
e Avaliación Ambiental

**meteogalicia**

*Informe climatolóxico ano 2014*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2014**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2014 EN GALICIA</b> .....	<b>3</b>
2.1.	Temperatura.....	3
2.2.	Precipitación.....	3
<b>3</b>	<b>DESCRIPCIÓN DO ANO 2014 EN GALICIA POR MES</b> .....	<b>4</b>
3.1.	Xaneiro.....	4
3.2.	Febreiro.....	4
3.3.	Marzo.....	5
3.4.	Abril.....	5
3.5.	Maio.....	5
3.6.	Xuño.....	6
3.7.	Xullo.....	6
3.8.	Agosto.....	6
3.9.	Setembro.....	7
3.10.	Outubro.....	7
3.11.	Novembro.....	8
3.12.	Decembro.....	8
<b>4</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2014 EN GALICIA</b> .....	<b>9</b>
4.1.	Temperatura.....	17
4.2.	Precipitación.....	19
<b>5</b>	<b>Evolución histórica da temperatura e precipitación</b> .....	<b>23</b>
5.1.	Evolución da temperatura media por mes.....	24
5.2.	Precipitación.....	25
5.3.	Evolución da precipitación por mes.....	26
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés).....	27

➤ **Data edición: 29/01/2014**



**Año cálido, cunha temperatura 0.8°C por riba do valor medio da serie 1971-2000. En canto á precipitación, lixeiramente húmido, cun exceso dun 17% respecto ao valor medio.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste informe preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou ó ano 2014. Así analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1971-2000.

Os criterios para definir as categorías climáticas correspondentes á precipitación e á temperatura móstranse na táboa 1.

Categoría PP	Porcentaxe de precipitación total rexistrada respecto da media climática	Categoría temperatura	Diferenza entre a temperatura media e a media climática.
Moi seco	<30%	Moi cálido	$\geq 3^{\circ}\text{C}$
Seco	Entre 30% e 90%	Cálido	Entre $+3^{\circ}\text{C}$ e $+0.5^{\circ}\text{C}$
Normal	Entre 90% e 110%	Normal	Entre $0.5^{\circ}\text{C}$ e $-0.5^{\circ}\text{C}$
Húmido	Entre 110% e 190%	Frío	Entre $-0.5^{\circ}\text{C}$ e $-3^{\circ}\text{C}$
Moi Húmido	>190%	Moi Frío	$\leq -3^{\circ}\text{C}$

**Táboa 1:** Categorías para precipitación e temperatura.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1971-2000. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no outono respecto do valor da media climática correspondente. Así, mesmo o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 25 estacións para a temperatura e 31 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.



## **2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2014 EN GALICIA**

### **2.1. Temperatura.**

O valor da temperatura media foi case un grao (0.8°C) superior ao valor medio no período de referencia 1971-2000, destacando especialmente o mes de outubro que foi o máis cálido dende o ano 1961. Cabe polo tanto cualificar ao 2014 en conxunto como un ano cálido.

As temperaturas mínimas elevadas de xaneiro fixeron deste mes un mes cálido; febreiro foi frío tendo en conta as temperaturas máximas. Tras o frío de febreiro pasamos a un mes de marzo que resultou lixeiramente cálido e que continuou así durante os meses de abril e principios do mes de maio. Esta tónica cambiou na segunda metade de maio, que resultou frío. Sen embargo, tivemos un mes de xuño cálido, especialmente na metade norte da Comunidade. Porén, a normalidade na temperatura chegou no mes de xullo, no que non se rexistraron episodios de elevadas temperaturas debido á presenza de aire frío en capas medias e altas da atmosfera, e continuou cun mes de agosto frío para a época do ano. En setembro as temperaturas foron en xeral máis altas do habitual, así, este mes puido cualificarse como cálido. O outono proseguiu con altas temperaturas, outubro resultou ser o máis cálido da serie histórica, que comprende os anos 1961-2014. O mes de novembro tamén destacou por presentar temperaturas mínimas máis altas das normais. O ano rematou cun mes de decembro que se pode caracterizar como frío pero moi preto da normalidade.

### **2.2. Precipitación.**

En canto á precipitación, o ano 2014 foi lixeiramente húmido, cunha porcentaxe do 17% por riba do valor climático agardado, lixeiramente inferior a xa acadada no pasado 2013 (20%).

O ano 2014 comezou cunha serie de cicloxénese explosivas que xa comezaran no 24 de decembro do ano anterior e que non remataron o 14 de febreiro deste ano. Así, xaneiro resultou moi húmido e destacou por ser o que presentou o maior número de días de chuvia das series históricas (no período 1961-2014). O paso continuo de borrascas polo Atlántico, deixou tamén un febreiro moi chuvioso. Xa en marzo os valores de precipitación acadaron valores normais, e abril e principios do mes de maio resultaron secos. No comezo do verán as precipitacións estiveron por riba do normal no oeste da Comunidade e por debaixo no leste, e continuou cun xullo húmido seguido dun agosto e setembro con chuvias en valores normais. A chegada do outono estivo en gran medida caracterizada polas treboadas, moi frecuentes no último trimestre



do ano, cun outubro que presentou precipitacións normais, un novembro húmido, con varios días de alerta por fortes chuvias, e un decembro que pola contra rematou seco.

### **3 DESCRICIÓN DO ANO 2014 EN GALICIA POR MES.**

#### **3.1. Xaneiro**

O máis destacable deste mes foi a continua chegada de borrascas dende o Atlántico. A confluencia de aire moi frío procedente de latitudes polares e o aire subtropical asociado ao anticiclón dos Azores, ocasionou a formación explosiva de moitas de estas borrascas que chegaron en varias ocasións a valores de presión por debaixo dos 950 mb. Isto deu lugar a ventos moi intensos no mar aberto, que deron lugar a trens de ondas de moita altura que provocaron continuas alertas no mar. En terra ocasionaron ventos fortes e as chuvias de intensidade moderada a forte. O valor medio para a serie rexional correspondente a este mes foi de 9.2 °C e houbo unha anomalía positiva de 1.4°C, que fai que o mes poida considerarse cálido, sendo o valor máis alto dende 2008. En canto aos valores de precipitación, estiveron por riba do dobre do agardado, sendo as cantidades rexistradas no conxunto do mes unhas das máis altas dos derradeiros 30 anos. O número de días de chuvia oscilou entre os 23 en zonas do interior e os 28 na costa atlántica.

#### **3.2. Febreiro**

O mes de febreiro estivo caracterizado polo continuo paso de borrascas polo Atlántico que afectaban a nosa Comunidade. Nas dúas primeiras semanas, foron de carácter explosivo, ocasionando situacións adversas tanto en mar como en terra. Na segunda metade do mes, a traxectoria das borrascas mudou, polo que aínda que continuou o mal tempo en Galicia, non se viu tan directamente afectada como o fixera na primeira metade do mes. O valor medio da temperatura para as estacións que compoñen a serie rexional de referencia foi de 8.5 °C cunha anomalía negativa de -0.3°C o que fai que o mes poda considerarse normal para esta variable. En canto o número de días de chuvia, foi o maior da serie ou moi preto do máximo para un mes de febreiro. Destácase que o número de días con precipitación en forma de neve nas zonas da montaña galega foi de 24 dos 28 días que ten o mes.



### **3.3. Marzo**

Este mes, que resultou lixeiramente cálido e con precipitacións normais, estivo marcado principalmente pola variabilidade. A primeira e a derradeira semana predominou a inestabilidade e as chuvias, mentres que nas semanas intermedias o predominio das xornadas anticiclónicas deixou tempo seco e soleado. Isto deu lugar a que as temperaturas estiveran lixeiramente por riba dos valores normais e as precipitacións, en xeral en toda a Comunidade, moi preto dos valores medios climáticos. A temperatura media para Galicia foi de 10.8 °C e unha anomalía de 0.5°C, debido principalmente ás xornadas anticiclónicas do mes. A precipitación media no mes de marzo foi de 111 L/m<sup>2</sup>, preto dos valores normais. O número medio de días de chuvia foi de 12.

### **3.4. Abril**

As oscilacións entre a influencia das borrascas atlánticas e o anticiclón dos Azores definiu o comportamento do mes de abril. As condicións máis inestables con influencia das baixas presións atlánticas prevaleceron na primeira e derradeira decena, mentres que no medio do mes tivemos tempo seco e moi soleado. Tratouse dun mes moi variable, tipicamente primaveral. Rexistrouse unha temperatura media de 13.8°C e unha anomalía de 2.4°C, podéndose considerar este mes cálido. En canto ás chuvias, estiveron en xeral por debaixo do agardado, así os valores máis baixos correspóndense a un 90% por debaixo do normal na Mariña Occidental e os máis altos a un 70% por riba do normal na comarca do Barbanza e no sureste da provincia de Ourense. O número medio de días de chuvia para este mes de abril foi de 12.

### **3.5. Maio**

O mes de maio tivo dúas partes claramente diferenciadas. Na súa primeira metade destacaron as condicións anticiclónicas con predominio de tempo seco, soleado e con períodos de altas temperaturas. Porén, nos últimos 10 días un área de inestabilidade deu lugar a un tempo desapracible, con chuvias e temperaturas baixas. Pero estas chuvias non foron moi cuantiosas e o a totalidade do mes quedou en conxunto como seco. Os valores de temperatura media foron normais, o valor medio foi de 14.4 °C, con unha anomalía de 0.42°C, o que fai que o mes poida considerarse normal. Os valores de precipitación neste mes de maio estiveron por debaixo do



normal no conxunto da Comunidade (39% por debaixo do normal), e o número medio de días de chuvia foi de tan só 7.

### **3.6. Xuño**

Este mes foi tremendamente cambiante no seu transcurso, así comezou cun período de chuvias e temperaturas discretas, que deu paso a un período de sol e aire africano con altas temperaturas, proseguíu cuns días de chuvias de carácter treboento e rematou con precipitacións e temperaturas baixas. As temperaturas pódense considerar normais ou incluso algo máis cálidas do agardado nun mes de xuño. O valor medio das temperaturas foi de 18.0 °C e a anomalía de 0.82°C, o que fai que o mes poida considerarse cálido. A presenza de treboadas acaecidas durante as xornadas do 19, 23 e o 24 fixo que as cantidades de chuvia recollidas neste mes foran moi irregulares. Isto deu lugar a anomalías de precipitación elevadas na comarca do Barbanza, que resultou moi húmida, mentres que o resto de localidades galegas mesmo quedaron por debaixo do 30%. O número medio de días de chuvia neste mes foi de 8.

### **3.7. Xullo**

Xullo estivo caracterizado en xeral pola variabilidade no tempo. A presenza de aire frío en capas medias e altas da atmosfera impediu que as altas presións se situasen ao norte da Península Ibérica, isto deu lugar a unha ausencia dos longos períodos de sol e calor propios destas datas. Neste mes a evolución da temperatura media tendo en conta as once estación que compoñen a serie rexional, deu lugar a unha temperatura media de 19.8 °C. En canto a anomalía de temperatura media, esta foi de 0.24°C e polo tanto o mes pode considerarse normal. En canto á precipitación, o mes quedou húmido debido principalmente a dous sistemas frontais moi activos os días 6 e 18, no que se acadaron en moitas localidades galegas valores que por si mesmos xa superaban os valores normais para un mes de xullo. Isto reflíctese en que o número medio de días de chuvia foi de 6. A anomalía media das precipitacións foi de 61% por encima do valor normal, polo que o mes considérase en conxunto húmido.

### **3.8. Agosto**

O mes de agosto estivo marcado polas situacións de inestabilidade que se sucederon nas primeiras 12 xornadas do mes e que se volveron reproducir na derradeira semana. Así, o período de maior estabilidade tivo lugar entre as xornadas do 13 e o 25 e unha situación de



forte calor nos derradeiros días do mes. As temperaturas neste mes estiveron en xeral por debaixo das agardadas, principalmente debido a moitos días de abundante nebulosidade. Porén, as mínimas estiveron en valores normais. O valor medio de temperatura foi de  $-0.44\text{ }^{\circ}\text{C}$ , o que fai que o mes poida considerarse normal, pero preto de ser frío. En canto á precipitación, o mes pode considerarse normal, cun gran contraste entre a provincia de Pontevedra e as comarcas do Barbanza, Fisterra e Xallas e o resto da Comunidade. O número de días de chuvia foi superior ó normal nestas localidades (ata 12). Para todo Galicia, o número medio de días de chuvia foi de 6. En canto a anomalía de precipitación para o conxunto de Galicia, esta foi dun 4%, polo que o mes pode considerarse normal.

### **3.9. Setembro**

O mes de setembro caracterizouse pola presenza de situacións anticiclónicas na primeira e derradeira semanas do mes, pero tamén cabe destacar, nas xornadas intermedias, as bolsas de aire frío en altura que deron lugar a moita inestabilidade e chuvascos localmente moi fortes, acompañados de treboadas. Así, as temperaturas foron altas en conxunto. O valor medio da temperatura foi de  $19.6^{\circ}\text{C}$ , case dous grados por encima do valor normal e anomalía foi de  $1.8^{\circ}\text{C}$ , o que fai que o mes poida considerarse cálido. Aínda que as cantidades de chuvia foron normais en moitas localidades galegas, destacan outras que resultaron moi húmidas debido á presenza de chuvascos tormentosos de forte intensidade. A anomalía de precipitación calculada a partir da serie rexional representativa, foi dun 15% por riba do valor normal, o que fai que o mes poida considerarse húmido en xeral, destacando a gran diferenza entre o norte o sur e o oeste da Comunidade. O número medio de días de chuvia foi de 10.

### **3.10. Outubro**

Outubro destacou por ser o mes máis cálido da serie histórica comprendida entre 1961 e 2014. Estivo caracterizado na súa primeira metade pola chegada de borrascas, particularmente activas na segunda semana, pero sobre todo pola presenza anticiclónica na segunda quincena que deixou un episodio prolongado de sol e altas temperaturas. Cabe sinalar cómo nos 3 primeiros días do mes mesmo se acadaron temperaturas que superaron os  $30^{\circ}\text{C}$  en zonas do interior. Destacan as anomalías positivas en toda a Comunidade que foron superiores en todos os casos aos valores normais. Así, a anomalía media para este mes de outubro foi de  $3.6^{\circ}\text{C}$ , o que fai que





o mes poida considerarse moi cálido. As precipitacións estiveron dentro da normalidade e moi preto da mesma en xeral en toda a Comunidade, aínda que destaca un menor número de días de chuvia. Isto correspóndese cunha anomalía de tan só un 2% por encima do valor normal se temos en conta a serie rexional. O número medio de días de chuvia foi de 10.8.

### **3.11. Novembro**

Este mes quedou caracterizado por un continuo paso de borrascas con fronteas asociadas que deixaron chuvia na meirande parte dos días do mes. Sen embargo, a alta frecuencia de ventos de compoñente sur fixo que as temperaturas non fosen baixan en xeral, polo que os seus valores estiveron moi preto do agardado para un mes de novembro. As temperaturas medias en conxunto resultaron cálidas para esta época do ano, debido principalmente as elevadas temperaturas mínimas que se acadaron ó longo do mes. Apenas se rexistraron xeadas nin nevaradas, agás nas cotas máis altas da Comunidade. A temperatura media foi de 11.4°C, isto supón unha anomalía positiva de 0.6°C, o que fai que o mes poida cualificarse como cálido. A continua chegada de sistema frontais fixo que novembro poida considérese en xeral húmido. Acadáronse valores moi altos de precipitación en distintas localidades galegas. Así a anomalía de precipitación presentou unha porcentaxe dun 70% por encima do valor normal. O número medio de días de chuvia foi de 21.5.

### **3.12. Decembro**

Decembro caracterizouse polo predominio de situacións anticiclónicas ao principio e final do mes, estando a atmosfera algo máis inestable no período central. As temperaturas estiveron en xeral moi próximas ás agardadas nun mes de decembro, sen grandes anomalías (-0.5°C nas temperaturas medias), polo que o mes resultou frío pero dentro dos límites da normalidade. Cabe destacar a entrada de aire frío a finais do mes, acadándose temperaturas baixo cero na maior parte de Galicia. A máis baixa foi no concello de Calvos de Randín con -9.3°C o día 29. En canto a precipitación, o máis salientable foi a ausencia de precipitación, tanto en cantidade como en número de días de chuvia, moi por debaixo do valor normal e polo tanto foi un mes seco.



## 4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2014 EN GALICIA

A continuación, na táboa 2, móstranse a media das temperaturas máximas máis altas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia no ano 2014 con valores por riba dos 25°C, sendo as máis numerosas as de Ourense e a continuación as de Pontevedra. O mes que máis se repite é xullo. Na algunha estación o valor máis alto rexistrouse en agosto e mesmo en setembro.

Temperatura media das máximas. Estacións de MeteoGalicia con valores por riba de 25°C				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
A Coruña	Abegondo	Mabegondo	26	setembro
A Coruña	Ferrol	CIS Ferrol	25.2	setembro
Lugo	Bóveda	Bóveda	27.2	xullo
Lugo	Portomarín	Portomarín	26.2	xullo
Lugo	Quiroga	Conchada	26	xullo
Lugo	Ribas de Sil	San Clodio	29.3	xullo
Lugo	Ferreira de Pantón	Míllara	29.2	xullo
Lugo	Ribas de Sil	San Clodio	28.3	agosto
Lugo	Chantada	San Fiz	26.1	xullo
Lugo	Monforte	Marroxo	25.3	xullo
Lugo	Sarria	Morelle	25.3	agosto
Ourense	Vilamartín de Valdeorras	A Portela	30.2	xullo
Ourense	Ourense	Ourense	29.7	xullo
Ourense	Ourense	Ourense-Estacións	29.6	xullo
Ourense	Rubiá	As Petarelas	28.6	xullo
Ourense	Celanova	Gandarela	26.9	xullo
Ourense	Baltar	Baltar	25.9	xullo
Ourense	Baños de Molgas	Monte Medo	25.8	xullo
Ourense	Viana do Bolo	Viana do Bolo	25.8	xullo
Ourense	Avión	Amiudal	25.2	xullo
Ourense	Entrimo	Entrimo	25.1	xullo
Ourense	Leiro	EVEGA Leiro	31.1	xullo
Ourense	Arnoia	Remuíño	30.6	xullo
Ourense	Verín	Verín-Vilela	29.7	xullo
Ourense	Castrelo de Miño	Prado	29.4	xullo
Ourense	Verín	Verín-Vilamaior	28.8	xullo
Ourense	Larouco	Larouco	28.2	xullo



Temperatura media das máximas. Estacións de MeteoGalicia con valores por riba de 25°C				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
Ourense	Laza	Laza	27.7	xullo
Ourense	Xinzo de Limia	Xinzo	27.3	xullo
Ourense	Castro Caldelas	Ponte Boga	27	xullo
Ourense	Riós	Riós	26.4	xullo
Ourense	Coles	Pazo de Fontefiz	26.3	xullo
Ourense	Vilardevos	A Trabe	26.1	xullo
Ourense	Vilariño de Conso	O Invernadeiro	25.1	xullo
Pontevedra	Arbo	Cequeliños	29	xullo
Pontevedra	Salceda de Caselas	Entenza	28.2	xullo
Pontevedra	Salvaterra de Miño	Meder	27.8	xullo
Pontevedra	Tui	Areas	27	xullo
Pontevedra	Mondariz	Queimadelos	26.9	xullo
Pontevedra	Pontevedra	Lourizán	26.6	xullo
Pontevedra	Ponteareas	A Granxa	26.3	agosto
Pontevedra	O Rosal	As Eiras	25.9	xullo
Pontevedra	Redondela	O Viso	25.4	xullo
Pontevedra	Soutomaior	Soutomaior	25.3	xullo
Pontevedra	Vigo	Vigo	25.3	xullo
Pontevedra	Vila de Cruces	Camanzo	25.2	xullo
Pontevedra	Pontevedra	Areeiro	25.1	xullo

**Táboa 2:** Temperaturas máximas medias máis altas ano 2014.

Na táboa 3, móstranse as estacións da rede de MeteoGalicia con a media das máximas máis baixas, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10°C. Neste caso son Lugo e Ourense as provincias con máis estacións por debaixo deste limiar. Febreiro foi o mes no que a maior parte das estacións acadaron estes valores medios inferiores aos 10°C.

Temperaturas media das máximas. Estacións de MeteoGalicia con valores por debaixo dos 10°C				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
A Coruña	Monfero	Marco da Curra	7.9	febreiro
A Coruña	Lousame	Muralla	8	febreiro
A Coruña	Ortigueira	Serra da Faladoira	8.4	xaneiro
A Coruña	Coristanco	Río do Sol	9	xaneiro



Temperaturas media das máximas. Estacións de MeteoGalicia con valores por debaixo dos 10°C				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
A Coruña	Vimianzo	A Gándara	9.4	febreiro
A Coruña	Mesía	Olas	9.4	xaneiro
Lugo	Pedrafita do Cebreiro	O Cebreiro	3	febreiro
Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Alto do Poio	4.4	febreiro
Lugo	A Fonsagrada	Alto de Cerredo	6.4	febreiro
Lugo	Chantada	Alto do Faro	7	febreiro
Lugo	Navia de Suarna	Ventosa	7.4	decembro
Lugo	Friol	Corno do Boi	7.6	febreiro
Lugo	Folgoso	Courel	7.8	febreiro
Lugo	A Fonsagrada	O Xipro	7.9	xaneiro
Lugo	Samos	Abradelo	8	febreiro
Lugo	Pol	Pol	8.5	xaneiro
Lugo	Abadín	Fragavella	8.7	febreiro
Lugo	Viveiro	Penedo do Galo	8.8	xaneiro
Lugo	Quiroga	Conchada	9	decembro
Lugo	A Pontenova	A Pontenova	9.5	decembro
Lugo	Portomarín	Portomarín	9.8	decembro
Lugo	Cervantes	Ancares	3.3	febreiro
Lugo	Baleira	Fontaneira	6.6	febreiro
Lugo	Abadín	Labrada	7.8	febreiro
Lugo	Guitiriz	Guitiriz	8	xaneiro
Lugo	Monforte	Marroxo	8.6	decembro
Lugo	Antas de Ulla	Olveda	8.7	febreiro
Lugo	Vilalba	Lanzós	9.7	xaneiro
Lugo	Guitiriz	Sambreixo	9.7	xaneiro
Ourense	A Veiga	Xares	0.1	febreiro
Ourense	Manzaneda	Cabeza de Manzaneda	0.4	febreiro
Ourense	Carballeda de Valdeorras	Lardeira	2.9	xaneiro
Ourense	O Barco del Valdeorras	Serra do Eixe	4.5	febreiro
Ourense	Carballeda de Valdeorras	Casaio	5.9	febreiro
Ourense	San Xoán de Río	San Xoán de Río	6.3	febreiro
Ourense	Muiños	Xurés	6.3	febreiro
Ourense	Viana do Bolo	Viana do Bolo	8.1	febreiro
Ourense	Entrimo	Entrimo	8.7	febreiro
Ourense	Baños de Molgas	Monte Medo	9.7	febreiro



Temperaturas media das máximas. Estacións de Meteogalicia con valores por debaixo dos 10°C				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
Ourense	Avión	Amiudal	9.8	febreiro
Ourense	A Veiga	Corzos	4.8	febreiro
Ourense	Vilariño de Conso	O Invernadeiro	5.7	febreiro
Ourense	A Mezquita	A Mezquita	5.9	febreiro
Ourense	Maceda	Alto do Rodicio	6.2	febreiro
Ourense	Calvos de Randín	Calvos	7.9	febreiro
Ourense	Vilardevos	A Trabe	8.5	febreiro
Ourense	Riós	Riós	8.5	febreiro
Ourense	A Veiga	Corzos	8.8	novembro
Ourense	Vilariño de Conso	O Invernadeiro	9.1	decembro
Ourense	Laza	Laza	9.7	xaneiro
Ourense	Castro Caldelas	Ponte Boga	9.7	decembro
Pontevedra	Rodeiro	Serra do Faro	6.1	xaneiro
Pontevedra	Cuntis	Xesteiras	7.5	febreiro
Pontevedra	Forcarei	Pereira	7.9	febreiro
Pontevedra	Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	8	febreiro
Pontevedra	Oia	Castro Vicaludo	9.8	febreiro

**Táboa 3:** Temperaturas máximas medias máis baixas no ano 2014.

Nas táboas 4 e 5 indícanse as medias das temperaturas mínimas máis baixas e máis altas respectivamente rexistradas na rede de estacións xestionadas por Meteogalicia.

Temperatura media das mínimas. Estacións de Meteogalicia con valores por debaixo dos 2°C.				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
Lugo	Pedrafita do Cebreiro	O Cebreiro	-2	febreiro
Lugo	Cervantes	Ancares	-1.8	febreiro
Lugo	Pedrafita do Cebreiro	Alto do Poio	-0.1	febreiro
Lugo	Cervantes	Ancares	0.2	xaneiro
Lugo	A Fonsagrada	Alto de Cerredo	0.7	febreiro
Lugo	Baleira	Fontaneira	0.9	febreiro
Lugo	Folgoso	Courel	1.1	febreiro
Lugo	Navia de Suarna	Ventosa	1.1	febreiro
Lugo	Samos	Abradelo	1.7	febreiro
Lugo	Friol	Corno do Boi	1.7	febreiro



Temperatura media das mínimas. Estacións de MeteoGalicia con valores por debaixo dos 2°C.				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
Lugo	A Fonsagrada	O Xipro	1.8	febreiro
Lugo	Sarria	Morelle	1.8	decembro
Ourense	A Veiga	Xares	-4.8	febreiro
Ourense	Manzaneda	Cabeza de Manzaneda	-4.4	febreiro
Ourense	Carballeda de Valdeorras	Lardeira	-1	xaneiro
Ourense	O Barco del Valdeorras	Serra do Eixe	-1	febreiro
Ourense	Baltar	Baltar	-0.6	decembro
Ourense	Carballeda de Valdeorras	Casaio	-0.4	febreiro
Ourense	San Xoán de Río	San Xoán de Río	0.2	febreiro
Ourense	Viana do Bolo	Viana do Bolo	0.3	decembro
Ourense	Muiños	Xurés	0.4	febreiro
Ourense	Rubiá	As Petarelas	1.6	decembro
Ourense	Vilariño de Conso	O Invernadeiro	-1.4	decembro
Ourense	A Veiga	Corzos	-1.1	febreiro
Ourense	Calvos de Randín	Calvos	-1	decembro
Ourense	A Mezquita	A Mezquita	-0.4	febreiro
Ourense	Verín	Verín-Vilela	-0.4	decembro
Ourense	Riós	Riós	0.2	decembro
Ourense	Maceda	Alto do Rodicio	0.4	febreiro
Ourense	Xinzo de Limia	Xinzo	1	decembro
Ourense	Verín	Verín-Vilamaior	1.8	decembro
Ourense	Laza	Laza	1.9	decembro
Pontevedra	Rodeiro	Serra do Faro	0	febreiro
Pontevedra	Forcarei	Pereira	1.8	febreiro
Pontevedra	Lalín	Mouriscade	1.9	decembro

**Táboa 4:** Temperaturas mínimas medias máis baixas no ano 2014.

Foron moitos os casos nos que a media das temperaturas mínimas acadaron valores inferiores aos 2°C, obténdose os valores máis baixos nas zonas altas da provincia ourensá e en decembro. No conxunto de Galicia o mes que máis se repite é febreiro.

Considerando o limiar dos 15 °C, aquelas estacións situadas no litoral, onde o mar exerce un gran poder suavizante sobre as temperaturas, son as que acadaron os valores máis altos, por riba incluso dos 17°C.



Temperatura media das mínimas. Estacións de MeteoGalicia con valores por enriba dos 15°C.				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
A Coruña	Ribeira	Sálvora	17.9	setembro
A Coruña	Cedeira	Punta Candieira	17.1	setembro
A Coruña	Arteixo	Punta Langosteira	17.1	setembro
A Coruña	Camariñas	Camariñas	17	setembro
A Coruña	Ribeira	Corrubedo	17	setembro
A Coruña	Cariño	Cariño	16.9	xullo
A Coruña	Carnota	Lira	16.9	setembro
A Coruña	A Coruña	Coruña Dique	16.4	xullo
A Coruña	Ferrol	CIS Ferrol	16	xullo
A Coruña	Malpica	Malpica	15.9	setembro
A Coruña	Boiro	Cespón	15.8	xullo
A Coruña	Bergondo	Guísamo	15.8	setembro
A Coruña	Narón	Aldea Nova	15.7	setembro
A Coruña	Cedeira	Punta Candieira	15.7	agosto
A Coruña	Lousame	Lesende	15.3	setembro
A Coruña	Narón	O Val	15.3	xullo
A Coruña	Bergondo	Guísamo	15.1	xullo
Lugo	Ribadeo	Pedro Murias	16.2	xullo
Lugo	Burela	Burela	15.3	setembro
Lugo	Ribadeo	Pedro Murias	15.3	setembro
Ourense	Ourense	Ourense-Estacións	15.2	xullo
Pontevedra	Vigo	Porto de Vigo	18.3	setembro
Pontevedra	Vigo	Illas Cíes	17.5	setembro
Pontevedra	Vilanova de Arousa	Corón	17	setembro
Pontevedra	Vigo	Vigo	16.9	setembro
Pontevedra	Bueu	Ons	16.5	setembro
Pontevedra	Sanxenxo	Sanxenxo	16	setembro
Pontevedra	O Grove	A Lanzada	15.9	setembro
Pontevedra	Vigo	Vigo-Campus	15.8	setembro
Pontevedra	Pontevedra	Lourizán	15.8	xullo
Pontevedra	Pontevedra	Areeiro	15.7	setembro
Pontevedra	Oia	Castro Vicaludo	15.4	setembro
Pontevedra	Poio	Castrove	15.3	setembro
Pontevedra	O Rosal	As Eiras	15.3	xullo
Pontevedra	Redondela	O Viso	15.3	setembro
Pontevedra	Meis	Torrequeintás	15.3	setembro



Temperatura media das mínimas. Estacións de MeteoGalicia con valores por enriba dos 15°C.				
Provincia	Concello	Estación	Temperatura (°C)	Mes
Pontevedra	Vilanova de Arousa	Tremoedo	15.2	xullo
Pontevedra	Tui	Areas	15.2	setembro
Pontevedra	Arbo	Cequeliños	15.2	xullo
Pontevedra	Salvaterra de Miño	Meder	15.1	setembro

**Táboa 5:** Temperaturas mínimas medias máis altas no ano 2014.

Na táboa 6 indícanse as temperaturas máximas absolutas máis altas e mínimas absolutas máis baixas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia. Os valores máis altos acadáronse nos dous primeiros días de setembro, principalmente nos vales de Ourense e Lugo.

Temperaturas máximas absolutas. Valores rexistrados nas Estacións de MeteoGalicia.				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	40.6	01/09/2014
Remuíño	Arnoia	Ourense	40.0	01/09/2014
Ourense	Ourense	Ourense	39.9	02/09/2014
Míllara	Ferreira de Pantón	Lugo	39.8	02/09/2014
Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	39.7	02/09/2014
San Clodio	Ribas de Sil	Lugo	39.7	02/09/2014
A Portela	Vilamartín de Valdeorras	Ourense	39.2	02/09/2014
Bóveda	Bóveda	Lugo	38.5	02/09/2014
Prado	Castrelo de Miño	Ourense	38.1	01/09/2014
Mabegondo	Abegondo	A Coruña	37.8	02/09/2014
Verín-Vilela	Verín	Ourense	37.6	02/09/2014
Ponte Boga	Castro Caldelas	Ourense	37.6	02/09/2014
Morelle	Sarria	Lugo	37.4	02/09/2014
Laza	Laza	Ourense	37.2	02/09/2014

**Táboa 6:** Temperaturas máximas máis altas no ano 2014.

En canto ás mínimas absolutas, na táboa 7 pode verse os valores rexistrados o longo de 2014. Os valores máis baixos acadáronse no sur de Ourense nos últimos días de decembro.





Temperaturas mínimas absolutas Valores rexistrados nas Estacións de MeteoGalicia.				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-9.3	29/12/2014
Verín-Vilela	Verín	Ourense	-9.2	30/12/2014
Baltar	Baltar	Ourense	-8.3	29/12/2014
Xares	A Veiga	Ourense	-8.1	27/03/2014
Corzos	A Veiga	Ourense	-7.8	29/12/2014
Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-7.7	16/02/2014
Morelle	Sarria	Lugo	-7.6	30/12/2014
EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	-7.2	30/12/2014
Bóveda	Bóveda	Lugo	-7.1	30/12/2014
Lanzós	Vilalba	Lugo	-7.1	30/12/2014
O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-6.8	29/12/2014
Rozas	Castro de Rei	Lugo	-6.7	30/12/2014
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-6.6	30/12/2014
Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-6.5	30/12/2014
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	-6.2	29/12/2014
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	-6.1	29/12/2014
Ordes	Ordes	A Coruña	-6.0	30/12/2014

**Táboa 7:** Temperaturas mínimas máis baixas no ano 2014.

Na táboa 8 móstrase a temperatura media do 2014 así como a media do período 1961-1990 e do período 1971-2000.

Temperatura media anual (°C)		
2014	1961-1990	1971-2000
14.2	13.3	13.4


**Táboa 8:** Comparación entre a temperatura media anual e a media climática galega.

A temperatura media do ano 2014 foi 0.9°C superior ao valore medio 1961-1990 e 0.8°C respecto ao período 1971-2000.



#### 4.1. Temperatura.


Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o ano 2014. Como se pode apreciar, os valores máis baixos de temperatura acadáronse nas rexións situadas a unha maior altitude. Así, no macizo de Manzaneda, Serra dos Ancares, Serra do Courel, Serra do Eixe e zona de Pena Trevinca a temperatura está por debaixo dos 8°C. As temperaturas máis suaves nas zonas costeiras, con valores entono aos 16°C. No interior, principalmente valores entre 11 e 13°C.



**Figura 1:** Temperatura media ano 2014.



Na figura 2, móstrase o mapa de anomalías de temperatura con respecto ao período 1971-2000. Aínda que en media a desviación do 2014 respecto á media climática foi de 0.8°C, en áreas da metade norte acadáronse valores por riba de 1°C. En conxunto e segundo os valores da táboa 1, o 2014 pode ser considerado cálido.



**Figura 2:** Mapa de anomalías de temperatura no ano 2014 con respecto ao período 1971-2000.



## 4.2. Precipitación.

Na táboa 9 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados no ano 2014. Foron concellos de Pontevedra e sur da Coruña onde en xeral se acadaron os máximos pluviométricos, con valores por riba dos 3.000 L/m<sup>2</sup>.

Precipitación máxima, acumulado anual no 2014			
Estación	Municipio	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Cespón	Boiro	A Coruña	3279
Muralla	Lousame	A Coruña	3244
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	3242
Xesteiras	Cuntis	Pontevedra	3231
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	3130
Pereira	Forcarei	Pontevedra	2953
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	2815
Paramos	Val do Dubra	A Coruña	2684
Coto Muiño	Zas	A Coruña	2638
Labrada	Abadín	Lugo	2546

**Táboa 9:** Valores máximos de precipitación acumulada no ano 2014.

Na táboa 10 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados no 2014. No leste da provincia de Ourense, nas comarcas de Valdeorras, Viana e Verín, rexistráronse os valores pluviométricos máis baixos, destacando tamén a comarca de Quiroga no sur da provincia de Lugo.

Precipitación mínima anual no 2014			
Estación	Municipio	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	717
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	783
Viana do Bolo	Viana do Bolo	Ourense	799
Larouco	Larouco	Ourense	839
Xinzo	Xinzo de Limia	Ourense	903
As Petarelas	Rubiá	Ourense	909
Gandarela	Celanova	Ourense	912
Verín-Vilela	Verín	Ourense	923
San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	973
Conchada	Quiroga	Lugo	991

**Táboa 10:** Valores mínimos de precipitación acumulada no ano 2014.





Na táboa 11 preséntanse os valores máis altos de precipitación diaria. Destaca o xoves 16 de outubro, no que foron bastantes estacións as que rexistraron valores de precipitación por enriba dos 90 L/m<sup>2</sup>.

Precipitación máxima diaria no 2014				
Estación	Provincia	Concello	Fecha	PP máx (L/m <sup>2</sup> )
Ponte Caldelas	Pontevedra	Ponte Caldelas	16/10/2014	118
Soutomaior	Pontevedra	Soutomaior	16/10/2014	114
Sanxenxo	Pontevedra	Sanxenxo	16/10/2014	110
Lesende	A Coruña	Lousame	19/09/2014	103
Rebordelo	Pontevedra	Cotobade	16/10/2014	102
Lourizán	Pontevedra	Pontevedra	16/10/2014	98
Areiro	Pontevedra	Pontevedra	16/10/2014	98
Pedro Murias	Lugo	Ribadeo	23/11/2014	98
Fornelos de Montes	Pontevedra	Fornelos de Montes	06/01/2014	96
Vigo	Pontevedra	Vigo	16/10/2014	93
Pereira	Pontevedra	Forcarei	16/10/2014	92
Cespón	A Coruña	Boiro	19/09/2014	92
Fontecada	A Coruña	Santa Comba	19/09/2014	91

**Táboa 11:** Precipitación máxima diaria no ano 2014

Na táboa 12 pode verse o acumulado medio obtido das estacións que compoñen a serie rexional e os valores medios do período 196-1990 e do período 1971-2000.


Precipitación acumulada anual (L/m <sup>2</sup> )		
2014	1961-1990	1971-2000
1531	1343	1329

**Táboa 12:** Comparación entre a precipitación acumulada no ano 2014 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación con respecto ó valor normal do período de referencia 1971-2000 é un 17% por riba, o que indica que este ano foi húmido segundo os criterios da táboa 1.




Como se pode ver na figura 3, os rexistros máis elevados de chuva corresponden ao suroeste da provincia da Coruña e interior de Pontevedra, primeiras zonas de encontro dos sistemas frontais procedentes do Atlántico co relevo galego. Destaca tamén a elevada precipitación acumulada recollida nas serras setentrionais do Xistral e Faladoira e tamén no macizo de Manzaneda e Serra do Courel. Ao nordés destas zonas acádanse mínimos pluviométricos, deixando ben patente a influencia orográfica nas precipitacións e tamén deixando mostra de que os ventos que acompañan habitualmente as chuvias son de compoñente sur-suroeste.



**Figura 3:** Mapa de precipitación acumulada no ano 2014.



Na figura 4 pode verse a porcentaxe de precipitación rexistrada con respecto á media climática, sempre con período de referencia 1971-2000.



**Figura 4:** Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no ano 2014.


Os menor valores corresponden ao norte da Coruña e puntos do sur de Lugo e oeste de Ourense, entre un 20% e un 40% por debaixo do valor normal. En canto aos maiores valores, en áreas do interior de Pontevedra acadouse unha porcentaxe entornao ao 70% por riba do normal (100%). Por último, a porcentaxe media de precipitación é de 12.9% por riba do normal, polo que en conxunto considérase un ano húmido, aínda que preto da normalidade.



## 5 Evolución histórica da temperatura e precipitación.


Para a temperatura, considéranse 11 estacións de referencia para obter os valores medios.

Na figura 5 pode verse a evolución da temperatura media no período 1961-2014.



**Figura 5:** Evolución da temperatura media anual ó longo do período 1961-2014.

A anomalía media para o 2014, obtida a partir das anomalías medias das 11 estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.82 °C polo que o ano considérase cálido.




**Figura 6:** Evolución da anomalía da temperatura media anual, respecto ó período 1971-2000.





### 5.1. Evolución da temperatura media por mes

Na figura 7 móstrase a temperatura por mes. Compárase os anos 2012, 2013 e 2014 co valor climático do período 1971-2000. Destaca especialmente o mes de outubro, que ademais de aumentar nos últimos anos, resultou o máis cálido da serie histórica.



**Figura 7:** Temperatura media mensual nos anos 2012,2013 e 2014 e a media 1971-2000.



## 5.2. Precipitación

Para construír a serie de precipitación representativa de Galicia, empréganse 16 estacións meteorolóxicas. No presente ano 2014, rexistráronse 1531 L/m<sup>2</sup>, moi próximos aos 1558 L/m<sup>2</sup> do ano 2013, ámbolos dous resultaron anos húmidos.




Figura 8: Evolución da precipitación anual ó longo do período 1961-2014.

A anomalía media para o 2014, obtida a partir das anomalías das 16 estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 17% por riba da media 1971-2000. Esta desviación é a terceira máis alta dende o ano 2000.




Figura 9: Evolución da anomalía de precipitación anual, respecto ó período 1971-2000.



### 5.3. Evolución da precipitación por mes

Na figura 10 móstrase a chuvia rexistrada por mes. Compárase os anos 2012, 2013 e 2014 co valor climático do período 1971-2000. En 2014 os meses máis chuviosos foron os de xaneiro, febreiro e novembro, superando de forma significativa os valores normais. Porén, o mes de agosto acadou os valores máis baixos de precipitación, pero dentro da normalidade.




Figura 10: Chuvia mensual dos anos 2012 a 2014 e a media 1971-2000.



#### 5.4. Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)

O SPI representa o número de desviacións típicas que un valor concreto de precipitación se separa da media da serie en un determinado intervalo temporal. Este índice permite fixar o comezo e fin dun episodio de seca, así coma a súa intensidade.

Na táboa 13 móstranse as diferentes clases e valores do SPI:

SPI	Clase	Probabilidade Acumulada
$SPI \geq 2.00$	Extremadamente húmido	0.977 - 1.00
$1.50 \leq SPI < 2.00$	Moi húmido	0.933 - 0.977
$1.00 \leq SPI < 1.50$	Moderadamente húmido	0.841 - 0.933
$-1.00 \leq SPI < 1.00$	Normal	0.159 - 0.841
$-1.50 \leq SPI < -1.00$	Moderadamente seco	0.067 - 0.159
$-2.00 \leq SPI < -1.50$	Moi seco	0.023 - 0.067
$SPI < -2.00$	Extremadamente seco	0.000 - 0.023

**Táboa 13:** valores do SPI

Para o cálculo do SPI, considerouse un conxunto de 16 estacións con valores mensuais entre 1961 e 2014.

O índice SPI-12 tén en conta a chuvia acumulada do propio mes e dos 11 meses previos e o SPI-24 do propio mes e dos 23 anteriores. Tanto a finais do 2013 como do 2014 o SPI-12 estivo no rango normal. O SPI-24 finalizou normal o 2013 e rematou o 2014 como moderadamente húmido.

Tendo en conta o SPI-12, o período de 12 meses máis húmido (1.33) foi dende marzo do 2013 a febreiro de 2014. Considerando o SPI-24, o maior valor deuse en novembro (1.37), e polo tanto o período dende decembro de 2012 a novembro de 2014 (24 meses) pode considerarse moderadamente húmido.




Na táboa 14 móstranse os valores de chuvias valores do SPI-12 e SPI-24 para o 2010, 2011, 2012, 2013 e 2014. Destaca o episodio de seca de finais de 2011 e do ano 2012

Ano	2010											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	172	204	123	61	80	94	21	7	26	228	196	149
SPI-12	0.43	0.78	0.93	0.88	0.88	0.81	0.58	0.58	0.65	0.84	0.67	0.15
SPI-24	0.29	0.62	0.64	0.31	0.1	0.27	0.25	0.13	0.04	0.4	0.55	0.57
Ano	2011											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	156	110	81	66	41	8	22	48	17	138	134	101
SPI-12	0.09	-0.23	-0.34	-0.36	-0.5	-0.8	-0.78	-0.64	-0.72	-1.07	-1.44	-1.92
SPI-24	0.33	0.37	0.44	0.39	0.29	0.04	-0.13	-0.04	-0.06	-0.17	-0.51	-1.14
Ano	2012											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	37	12	24	175	100	79	21	34	56	103	165	230
SPI-12	-2.32	-2.57	-2.6	-2.23	-1.96	-1.61	-1.57	-1.66	-1.59	-1.76	-1.75	-1.33
SPI-24	-1.45	-1.89	-2.12	-1.89	-1.82	-1.82	-1.8	-1.76	-1.84	-2.25	-2.31	-2.23
Ano	2013											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	266	107	273	114	77	43	22	8	78	251	115	188
SPI-12	-0.22	0.14	0.84	0.71	0.65	0.53	0.53	0.45	0.55	1.01	0.92	0.86
SPI-24	-1.7	-1.58	-1	-0.93	-0.82	-0.71	-0.71	-0.83	-0.74	-0.42	-0.47	-0.25
Ano	2014											
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	301	278	101	85	62	51	50	39	96	140	258	63
SPI-12	0.9	1.31	0.74	0.70	0.67	0.68	0.75	0.84	0.95	0.61	1.11	0.78
SPI-24	0.46	1.02	1.15	1.01	0.93	0.84	0.90	0.92	1.09	1.18	1.37	1.08


**Táboa 14:** Valores de chuvias, SPI-12 e SPI-24 para os anos 2010, 2011, 2012 e 2014.



Nas figuras 11 e 12, pode verse a evolución dos índices SPI-12 e SPI-24 dende 1961.



**Figura 11: SPI-12.**



**Figura 12: SPI-24.**